BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA

BASES REGULADORAS PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DUN DIRECTOR/A PARA A BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA:

A asociación cultural Banda de Música Vila de Cedeira abre un proceso selectivo para a contratación dun director/a para a dirección artística e musical da agrupación, con incorporación inmediata ó posto de traballo. O sistema será de concurso de méritos e entrevista.

As funcións que corresponderán ó seleccionado/a serán:

- Programar a mes vista os ensaios parciais e xerais da agrupación (os ensaios levaranse a cabo os venres pola tarde-noite e os sábados pola mañá, agás en verán e períodos vacacionais, nos que poderán sufrir variacións en consenso coa Directiva e os Músicos.
- Programar, xunto coa Directiva, o calendario anual de actuacións.
- Seleccionar un programa variado e de calidade para cada unha das actuacións que se leven a cabo.
- Colaborar coa xunta directiva na planificación e organización das actuacións.

2. REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES:

Os interesados/as deberán estar en posesión do Título de Profesor/a Superior de Música en calquera das súas especialidades, así como demostrar experiencia como director/a de Banda.

Valorarase estar en posesión de cursos relacionados co posto de traballo.

3. PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As persoas interesadas deberán remitir ó enderezo electrónico bandaviladecedeira@hotmail.com ou ó Apartado de Correos nº 41 C.P. 15350 Cedeira, antes do día 17 de febreiro de 2020 ás 14:00, a seguinte documentación:

- Documento de solicitude (Anexo A)
- Fotocopia do título de Profesor Superior de Música.
- Fotocopia dos méritos relacionados co posto de traballo (cursos, etc.)
- Proxecto musical en pdf no que se mostre de xeito claro e conciso o enfoque que o candidato daría ó seu traballo coa agrupación para o bó funcionamento da mesma e no que se elabore unha programación variada de catro concertos, que inclúa:
    a) Concerto Dia da Patrona (50 minutos de música, nun ambiente popular e festivo, ó aire libre)
    b) Certame de Bandas Vila de Cedeira, xunto con outras dúas bandas invitadas (30 minutos de música, ó aire libre)
    c) Concerto de Santa Icía (60 minutos de música, no Auditorio Municipal de Cedeira)
    d) Concerto de Nadal (60 minutos de música, no Auditorio Municipal de Cedeira)

Valorarase a coherencia, orixinalidade e variedade á hora de programar as actuacións, así como a síntese e estructuración do proxecto. A comisión valoradora poderá solicitar ós aspirantes a súa exposición durante calquera das fases do proxecto selectivo.

4. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES E PROCESO SELECTIVO:

O prazo de presentación das solicitudes comezará o martes 11 de febreiro de 2020, unha vez publicada esta convocatoria, e finalizará o luns 17 de febreiro de 2020 ás 14:00 horas.

Unha vez rematado o prazo, o órgano de selección porase en contacto cos candidatos nun prazo de cinco días para comunicarlles se foron seleccionados para a segunda fase do concurso. No caso de ser seleccionados indicaráselles día e hora para a entrevista e a proba práctica coa agrupación.

5. PROCESO SELECTIVO:

O proceso selectivo constará de tres partes:

a) Valoración dos méritos e do proxecto.
b) Entrevista na que se valorarán os coñecementos, as habilidades persoais, a capacidade de comunicación, predisposición, empatía e motivación para o desempeño do traballo.
c) Proba práctica. Realización dun ensaio no que se traballará a primeira vista unha obra elexida libremente polo candidato (a duración do mesmo será de entre 30 e 45 minutos dependendo do número de candidatos seleccionados)

6. COMISIÓN VALORADORA:

A comisión estará formada polos membros da Xunta directiva, a cal terá en conta a opinión dos músicos na proba práctica.

En Cedeira, a 10 de febreiro de 2020

Banda de Música Vila de Cedeira

ANEXO A

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA

D./Dª _____ , con DNI nº _____ e domicilio en_____ , localidade _____, C.P. _____, teléfono de contacto _____ e correo electrónico a efectos de notificación _____

EXPÓN:
Que aberto o proceso de selección de candidatos para a contratación dun Director/a para a Banda de Música Vila de Cedeira, e reunindo os requisitos esixidos para poder formar parte do mesmo, aporto a documentación necesaria:

- ☐ Fotocopia do DNI
- ☐ Proxecto en formato pdf
- ☐ Fotocopia do Título de Profesor/a Superior de Música
- ☐ Fotocopia dos méritos relacionados co posto de traballo

SOLICITA: Formar parte do proceso selectivo, declarando que os datos aportados son certos e que acepto as bases que acompañan a esta convocatoria.

Cedeira, a ___ de _____ de 2020

Asdo.